

**Resolución reitoral do 19 de xullo de 2019 pola que se regulan os supostos de exención de prezos públicos por servizos académicos na UDC, ao persoal das universidades do Sistema Universitario de Galicia**

A Universidade da Coruña (UDC) establece a posibilidade de exención de prezos públicos por servizos académicos para o persoal das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), que terá como consecuencia a percepción de retribucións en especie para este persoal. As exencións corresponden á *Tarifa primeira. Actividade docente* e ao primeiro punto da *Tarifa Segunda. Probas de acceso á universidade* do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG do ano académico que corresponda.

Esta regulación realizarase de acordo coas seguintes bases:

**PRIMEIRA: OBXECTO**

1. O **obxecto** desta prestación é sufragar os gastos derivados dos prezos públicos por servizos académicos do persoal ao servizo das universidades públicas galegas e ás persoas beneficiarias dependentes deste persoal, para realizar titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento, quedando excluído o importe do seguro escolar e os prezos das tarifas 2ª e 3ª do mencionado decreto, agás á correspondente ao primeiro punto da Tarifa Segunda (Probas de acceso á universidade).
2. Os titulares do dereito e os beneficiarios da UDC que cursen estudos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia terán dereito á concesión da prestación para a primeira, segunda, terceira e sucesivas matrículas nos cursos completos e materias soltas. Os titulares do dereito e os beneficiarios doutras universidades do SUG que cursen estudos na UDC terán, baseándose no principio de reciprocidade, o mesmo tratamento que lles concendan as súas universidades.
3. A aplicación da prestación ao persoal das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo e aos seus beneficiarios queda condicionada á compensación ou reintegro á UDC, por parte destas institucións, dos importes correspondentes. De non facerse efectiva a compensación suporá a eliminación da prestación ao persoal das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, coa obriga do aboamento dos prezos públicos correspondentes.
4. A contía desta prestación terá a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio (BOE do 29/11/2006), e como tal está suxeita a tributación como rendemento do traballo.

**SEGUNDA: TITULARES DO DEREITO E BENEFICIARIOS**

1. É **titular do dereito** ás prestacións obxecto desta resolución, o persoal con destino nas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e de Vigo que se atopa nalgún dos seguintes colectivos:
  - a) **Persoal Docente:** Persoal funcionario de carreira que pertenza aos corpos docentes universitarios, e profesorado interino e contratado.
  - b) **Persoal de Administración e Servizos:** Persoal funcionario de carreira ou interino, e persoal laboral fixo ou temporal.

O persoal destes apartados deberá atoparse na situación de servizo activo, servizos especiais ou excedencia por coidado de familiares. Tamén terá dereito se acadara a xubilación no desempeño do seu posto nas universidades do SUG.

**2. Son persoas beneficiarias** das prestacións obxecto desta resolución, ademáis da persoa titular do dereito:

- a) O/A cónxuxe do/a titular do dereito, ou parella de feito debidamente inscrita, e os/as fillos/as de calquera dos dous, que residan no domicilio familiar. Manterán a condición de beneficiario no caso de que o titular acadase a xubilación no desempeño do seu posto na UDC ou falecese.
- b) As persoas en réxime de acollida coa persoa titular, de xeito permanente ou preadoptivo.

En todo caso, os/as fillos/as ou as persoas en réximen de acollida, non poderán ter cumpridos os 28 anos no caso de estudos de grao e de máster, e os 30 anos nos estudos de doutoramento, e deberán carecer de independencia económica (acreditación desta circunstancia mediante certificado tributario expedido pola Axencia Tributaria que poderá obter na seguinte ligazón: [https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/gl\\_es/procedimientoini/G306.shtml](https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/gl_es/procedimientoini/G306.shtml) ou declaración responsable).

**3.** Tamén terá dereito á prestación o persoal contratado de programas, proxectos e convenios de investigación con cargo ao capítulo VI do orzamento da UDC, sempre e cando acredite, como mínimo, uns servizos prestados nesta universidade de 15 meses, dentro dos últimos cinco anos.

As solicitudes realizadas fóra destes casos, previa petición suficientemente motivada, serán resoltas polo reitor ou vicerreitor en quen delegue.

### TERCEIRA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A **solicitud** realizarase na aplicación informática da matrícula, na que o alumno marcará a exención “persoal das universidades galegas”, dando lugar á suspensión do pagamento dos prezos públicos, agás os conceptos indicados na base 1ª desta resolución.
2. Os titulares do dereito das Universidades de Santiago e de Vigo e as súas persoas beneficiarias, e as persoas beneficiarias correspondentes aos titulares da UDC que soliciten a prestación por primeira vez, deberán presentar, de non telo feito en cursos anteriores, na Administración da Facultade/Escola/UXAI correspondente, a seguinte **documentación**:
  - Certificado da súa universidade no que conste a súa vinculación con esta, para os titulares do dereito da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo.
  - Para os beneficiarios dos titulares das tres universidades:
    - Copia do libro de familia onde conste a persoa titular do dereito e as persoas beneficiarias.
    - Certificado de convivencia, no caso de persoas que convivan maritalmente, e documentación acreditativa nos supostos de parella de feito.
    - Acreditación da carencia de independencia económica, no caso dos/das fillos/as do titular do dereito ou do seu cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita, que se presentará coa solicitud de matrícula que se realice en cada curso académico.

3. Se é o caso, o persoal contratado de programas, proxectos e convenios de investigación con cargo ao capítulo VI das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo que solicite a prestación, deberá presentar con cada solicitude de matrícula o certificado da súa universidade no que conste a súa vinculación con esta.
4. As Administracións das Facultades/Escolas/UXAIs comprobarán cos Servizos de PDI, PAS e Investigación, ou a través doutro medio que consideren oportuno, que o persoal da UDC, PDI e PAS, titulares do dereito, e o persoal de investigación que soliciten o beneficio da prestación, cumpren coas condicións e/ou requisitos desta resolución.

#### **CUARTA: INCOMPATIBILIDADES**

A persoa beneficiaria non poderá figurar con máis dun ou dunha titular.

#### **QUINTA: REVISIÓN E REINTEGRO DA EXENCIÓN**

1. Esta prestación poderá ser modificada:
  - a) Por non reunir algún o algúns dos requisitos establecidos ou non os acrediten debidamente.
  - b) Por incorrer na causa de incompatibilidade establecida nesta convocatoria.
  - c) Por non obterse a compensación debida por parte das universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

Nestes casos, o alumnado deberá aboar o importe da matrícula nos quince días seguintes á recepción da resolución de modificación da prestación.

2. A contía da prestación modificarase por aplicación ou cancelación doutra exención prioritaria: matrículas de honra, familias numerosas, bolseiros MECD e outras exencións, por recoñecemento de créditos, ou por outras modificacións realizadas na matrícula.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Queda derogada:

1. A Resolución reitoral do 01/07/1998 pola que se regulan os supostos de matrícula gratuíta na UDC.
2. O establecido no apartado 2.6 do artigo 10 da Normativa de Xestión Académica da UDC para o curso académico 2019/2020 no referente á obrigatoriedade de entrega dunha certificación emitida pola UDC para o persoal desta, titular do dereito á prestación, e todas aquelas disposicións contidas na referida normativa que contradigan o disposto na presente resolución.